

CURSOS TEMPADA 2021-2022

HISTORIA DA ARTE

Amor e creatividade: unha complicada relación

27 outubro 2021 – 25 maio 2022

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Docente: Ana Pereira Molares

Lugar: galería A3, planta baixa

do 27 outubro 2021 ao 25 maio 2022

Horario: MÉRCORES de 19.00 a 20.30

Total sesións: 23

PRAZAS LIMITADAS. Inscripción e matrícula a partir do 5 de outubro

Prezo: 190€ (desconto do 20% para membros da AAM Agrupación Amiga do MARCO e para estudantes, previa acreditación), coa posibilidade de pagamento fraccionado nos prazos e condicións sinalados na ficha de inscrición.



1

AVANCE / PRESENTACIÓN

Tradicionalmente, a historia da arte non considerou a vida sentimental dos artistas como un asunto digno de estudo académico. Non obstante, algunhas das novas liñas de investigación abertas ou iniciadas nas últimas décadas do século XX, internáronse no estudo da importancia dos afectos na produción artística. Deste modo, demostrouse que a creación non sempre foi o resultado dun xenio solitario e masculino, estereotipo que toma moitos aspectos da figura do xenio romántico, senón que non foron poucos os creadores que optaron por traballar en parella, deixando a un lado a percepción individualista da práctica artística.

Este novo curso impartido por Ana Pereira, titulado “Amor e creatividade: unha complicada relación”, quere centrarse neste aspecto e ten como fío condutor o estudo da traxectoria vital e creativa das que traballaron en constante diálogo cos seus compañeiros de profesión e de vida, explorando as posibilidades desta dinámica.

Nalgúns casos, estes binomios creativos, que enfocaron a súa actividade en distintas canles expresivas, conseguiron traballar en pé de igualdade e así ser recoñecidos socialmente; pero na maioría das ocasións, mentres os varóns recibían o recoñecemento profesional e as súas obras eran premiadas e expostas sen cesar en museos e salas de exhibición de todo o mundo, a figura das súas compañeiras quedou esvaecida ou relegada a un papel secundario, malia establecer con eles diálogos moi fecundos.

Ao longo de diferentes sesións, este curso intentará despojar a traxectoria profesional de parellas de creadores desa etiqueta simplista e redutora que adoita asignar sempre un papel secundario ás mulleres, intentando dar a cada artista a importancia que realmente tivo, para abandonar definitivamente esa manida senda na que un quedou coa fama, mentres outra caeu no esquecemento.

PROGRAMA / CALENDARIO SESIÓNS

Amor e creatividade: unha complicada relación

27 outubro 2021 – 25 maio 2022

Sesión 1 (mércores 27 outubro)

Unha aproximación sociolóxica á problemática da creatividade en parella

Sesión 2 (mércores 3 novembro)

Comezan as vangardas: parellas que militaron no expresionismo alemán

Sesión 3 (mércores 10 novembro)

Robert Delaunay e Sonia Terk: pintura, deseño e moda. Do cubismo á abstracción

Sesión 4 (mércores 17 novembro)

O espírito destrutor do Dadaísmo tamén en parella: Jean Arp e Sophie Taeuber. Raoul Hausmann e Hannah Höch

Sesión 5 (mércores 24 novembro)

A discutida modernidade británica: o círculo de Bloomsbury

Sesión 6 (mércores 1 decembro)

Estados Unidos: a achega aos novos tempos de Alfred Stieglitz e Georgia O’Keeffe

Sesión 7 (mércores 15 decembro)

Amor e arte na Revolución Rusa

Sesión 8 (mércores 12 xaneiro)

Creatividade compartida na Bauhaus

Sesión 9 (mércores 19 xaneiro)

Parellas de deseño: de Charles Rennie Mackintosh e Margaret McDonald, a Charles e Ray Eames

Sesión 10 (mércores 26 xaneiro)

Diferentes interpretacións surrealistas: Leonora Carrington, Max Ernst e Dorothea Tanning, Yves Tanguy e Kay Sage (I)

Sesión 11 (mércores 2 febreiro)

Diferentes interpretacións surrealistas: Leonora Carrington, Max Ernst e Dorothea Tanning, Yves Tanguy e Kay Sage (II)

Sesión 12 (mércores 16 febreiro)

Diferentes interpretacións surrealistas: Leonora Carrington, Max Ernst e Dorothea Tanning, Yves Tanguy e Kay Sage (III)

Sesión 13 (mércores 23 febreiro)

Picasso entre Dora Maar e Françoise Gilot

Sesión 14 (mércores 2 marzo)

Distintos enfoques de cámara: Man Ray e Lee Miller, Gerda Taro e Robert Capa

Sesión 15 (mércores 16 marzo)

Parellas de artistas no Expresionismo Abstracto americano: Jackson Pollock e Lee Krasner, Elaine e Willem de Kooning (I)

Sesión 16 (mércores 23 marzo)

Parellas de artistas no Expresionismo Abstracto americano: Jackson Pollock e Lee Krasner, Elaine e Willem de Kooning (II)

Sesión 17 (30 marzo)

A volta á realidade e á figuración: o Neodadaísmo. Jasper Johns e Robert Rauschenberg

Sesión 18 (mércores 20 abril)

Performance en parella: Gilbert and George, Marina Abramovic e Uwe Laysiepen (Ulay)

Sesión 19 (mércores 27 abril)

Binomios sentimentali e creativos atípicos: Carl André e Ana Mendieta, Yayoi Kusama e Joseph Cornell

Sesión 20 (mércores 4 maio)

O salto do estudio á intervención na natureza: Robert Smithson e Nancy Holt, Christo e Jeanne-Claude

Sesión 21 (mércores 11 maio)

Casos galegos

Sesión 22 (mércores 18 maio)

A creación arquitectónica en clave de parella: Robert Venturi e Denise Scott Brown, Wang Shu e Lu Wenyu

Sesión 23 (mércores 25 maio)

Enric Miralles, Carme Pinós e Benedetta Tagliabue

CV / NOTA BIO

Ana Pereira Molares é doutora en Historia da Arte, e ao longo da súa carreira profesional compaxinou a docencia cun intenso labor investigador, centrado fundamentalmente na arquitectura galega da Idade Moderna, que tivo o seu froito en numerosas publicacións. Nos últimos anos, esta liña de investigación deu paso a reflexións noutros ámbitos das artes, como a presenza das mulleres na creación artística ao longo da historia. Un claro exemplo é o seu estudo sobre ‘Pintoras viguesas do século XX’, que constituíu o seu discurso de ingreso no Instituto de Estudos Vigueses, como a primeira muller que foi nomeada membro da devandita institución. A estes traballos de carácter docente e editorial únese a súa actividade como relatora, colaboradora de prensa, comisaria de exposicións, e a súa participación en numerosos congresos. Dende 2003 foi profesora responsable do programa de didáctica da Historia da Arte de Caixanova (actualmente Abanca), e dende 2003 colabora co MARCO impartindo cursos de Iniciación á Arte Contemporánea para adultos.
